PIRANDARGALO

Paspallís
pío pío pían:

Xan da Coba acazapado na obra infantil de Casares

Alba Cid
Poeta

1. *No vento de outono ourensán xira tamén o merlo de Wallace Stevens. Traza os primeiros arabescos logo de salvar as pólas máis baixas, acada sen dificultade un quilómetro de altura cunha nena ao lombo, entende o idioma común de paxaros e humanos.*

Raspapín pau.

2. *Da natureza dos inventores*

*"Leoncio tiña dúas manías: os discursos e os inventos. Sobre todo os inventos", lemos n'*A Galiña Azul*, e esa afirmación parece condensar o modo en que as miradas inciden sobre aquel que consideran o tolo da vila. Leoncio non só inventa artiluxios e máquinas, senón que os relata, sabedor de que é ese o primeiro chanzo para a súa existencia. Explícallelos aos rapaces e rapazas que para tal fin o perseguen. Ademais, Leoncio é coñecedor do papapío, unha lingua especial, e por veces non atina, por iso aparece cunha galiña pintada de vermello cando se conviñera traela azul. Toribio, con oito anos, tamén é inventor. O seu poder é sempre relacional, amaña o mundo que el coñece en combinación con Sara, co profesor Pardau de Lisboa e con Papafigovich, de Moscú.*

Resulta insistente, na obra infantil de Casares, esta confianza nos personaxes capaces de concibir novos aparellos e verdades alternativas. Coma se a vida fose sempre o outro, o desexado, un apurar o paso até fronteiras descoñecidas, ou mellor sería dicir até fronteiras que se esfiañan, igual que os dous cabos do arco da vella, e por iso mesmo invitan a camiñar sempre cara adiante, e malia a todo o anterior, non se deixan apreixar. Así, o inventor é un personaxe situado por necesidade no futuro, na utopía.

2.1. *Nacido en 1813, Don Xan da Coba tamén tiña "a manía" dos discursos e os inventos. Agrimensor, ebanista en madeira e vexe-*

tais, xornalista e poeta, escritor de traxedias que saían óperas, falante único do trampitán e inventor, vén a ser unha das figuras máis controvertidas do Ourense do século XIX. Se Xan fose unha pedra preciosa, só aceptaría ser turmalina, polo exotismo e a mestura de cores. Unha xema de Ceilán ante a que entornar levemente os ollos, xa sexa cun aceno de tristura –coma Otero Pedrayo– ou de fascinación –Vicente Risco– por aquel que encarna as audacias da vangarda e a provocación de inicios de século. Xan vira sobre si mesmo, coma o merlo do inicio ou os planetas, e non faltarán esmorgantes nin señoritos que se confundan e fagan mofa del, coma os holandeses que descobren a xema e a chaman "a pedra que atrae a cinza", ou os mariñeiros europeos que deseguida aproveitan tal propiedade para limpar os residuos das súas pipas. Con todo, Xan-turmalina brilla entre as néboas da cidade, publica, pronuncia (tomando os versos de Juan Andrés García Román):

"¿Es que no tengo fin?

Y se sigue primero a la pregunta
un silencio retórico
y después una gran deflagración"

3. *Catacloc, plop, bum!: cal é o bruído das cornucopias?*

Reitéranse, na literatura infantil de Casares, dous ou tres obxectos rotundos, redondiños, infinitos por definición. Case astros, se atendemos á súa relación coas alturas. Tanto As laranxas máis laranxas de todas as laranxas *como "a bomba da felicidade" de Leoncio son actualizacións domésticas da cornucopia grega, o corno da cabra Amaltea que o Zeus neno fende nos seus xogos eléctricos e despois terá o poder de facer abrollar, a cachón, todas as riquezas. Ao lonxe, e aínda que este necesite recargas, queda o canón que dispara caramelos nas festas. Canda Ungaretti naquel "cerco un paese/ innocente", se a bomba de Leoncio estourase, pasarían ante os nosos ollos vinte bandas de música, choverían roscóns, rosquillas, pasteis, incontábeis globos de cores. Casares procura as cóxegas mediante a enumeración desenfreada, sorpresiva, a desmitificación e o absurdo, facendo do propio texto cornucopia.*

4. *Da natureza dos artefactos*

Coma unha tartaruga cuxa cuncha se une ao esqueleto pola columna vertebral, as palabras artefacto *e* artiluxio *cargan coa* arte *como bóveda, mentres o inventus é algo novo que vén (do participio* ventus*) dentro (*in*) dunha mesma. As poéticas da invención de Xan da Coba e Carlos Casares parecen darse a man: comparten a sinxeleza e a practicidade, así como un aquel decimonónico no que respecta á súa concepción e aos seus desexos. Trátase de inventos físicos (que moitas veces, na serie de Toribio, cómpre colocar sobre a cabeza), verdadeiras transposicións de extremidades ou obxectos da vida cotiá con algunha característica alterada: sexa a Pantalla Universal Chismorrosa, para observar calquera recuncho do planeta, e o Telebrazo Global Laserizado de Toribio que permite, desde unha casa de Vigo, coller un caramelo nunha tenda de Estocolmo, ou o Paraugas Universal de Xan da Coba, que ben colocado no Polo Norte, libra a todo o hemisferio que acolle –até ás barriguiñas terráqueas do Ecuador–, dos fenómenos meteorolóxicos adversos.*

Á vez, os inventos de ambos son solidarios cun parcial coñecemento das leis da física: Toribio e Sara teñen en conta a velocidade á que o son viaxa polo tubo do Contador de Contos con Efecto Retardado, e son así conscientes das horas que unha historia tarda en chegar á rapazada de distintos puntos do globo. Leoncio ten unha alfombra voadora, e Xan da Coba, pola

súa banda, mestura elevación aerostática e rotación terrestre co pirandárgallo. Dado que a terra é redonda e xira, sabe que unha vez suspendido nas alturas coma unha diminuta pingueira de auga, só ten que agardar a que diferentes hortas, planicies esteparias, países ou océanos pasasen por baixo. Se lle cadra ben, pode baixar tomar un té no interior dunha iurta mongol, ou remollar os pés no Adriático e media volta cara a Auria.

4.1. *Non parece moi lícito desconectar estas ansias de elevación e o recurso aos paraugas das condicións climáticas de Ourense. Dixo Casares: "Nos meus anos de estudante (...), alá pola década dos cincuenta, había unhas néboas tan densas que impedían ver un burro a poucos pasos. Non estou usando ningunha hipérbole. Ás veces tiñamos que interromper os partidos de fútbol porque resultaba imposible saber que sucedía na portería contraria ou adiviñar por que parte do campo andaba o balón. Mesmo na rúa do Paseo, no centro da cidade, resultaba imposible distinguir os amigos ata que se atopaban a uns poucos metros de distancia. E desde o alto do Montealegre ou de Ervedelo, non se vía outra cousa que un mar de néboa espesa, como se debaixo non houbese nada".*

Baixo unha bóveda máis porosa escribirá Carlos Casares a evocación (1992) e a minibiografía de Xan da Coba (2000). Un xesto humilde coma o grafito, fráxil coma as candeas.

5. *Da natureza dos idiomas: o papapío, un trampitán para os animais miúdos*

"Veño escribindo o mellor dos meus dramas. El será, c'o trampitán, o que me ha franqueal-as portas da inmortalidade", di Xan da Coba nun conto de Victoriano Taibo (1956), e esta puntual fachenda de quen arrisca até ser burlado, vólvese hoxe reconfortante. O trampitán foi o invento lingüístico de Xan da Coba, un idioma libre, polisémico, cobregueante, eufónico, só transferíbel cando el quería. O papapío semella o trampitán de Leoncio, non tan literario pero igualmente sonoro, con aplicacións útiles no que á relación cos paxaros e as formigas se refire.

Para Casares, tamén os cans poden ser versados en varios idiomas, se pensamos en Rin, e a intercomprensión é clave para o Lingú, Lingua Autónoma Universal Dixitalizada, que permitirá a Toribio falar en calquera lingua. E con todo, non sempre é o intercambio a meta final das producións. Posuíu, dirixiu e redactou Xan da Coba un "Xornal moral, literario e recreativo, en prosa e verso", de unha ou dúas follas e tiraxe descoñecida, chamado El Gracioso. *Casares, pola súa banda, publicou nos anos do Seminario un xornal chamado* El Averno *do que foi tamén foi director e único redactor. Publicacións que son cartas con escaso valor táctico, xa que non blindan posicións nin aseguran conquistas. Xogos expresivos.*

6. *Unha das* Nueve enunciaciones *de José Ángel Valente (1982) leva por título "Variación sobre el ángel", e refire a anécdota segundo a cal diagnosticaron a Xan da Coba o debuxo dun anxo no ceo da boca, e o expuxeron no escaparate dun comercio de teas da cidade.*

Ao outro lado do cristal, as palmas dos cativos.

7. *–Que lle preguntarías a Casares?*

–Ao final subiches con Xan da Coba? Dime, que se ve desde arriba? e o outro inventor, Roberto, non anda por aí Roberto Arlt galvanizando rosas?